



GASTOS

Deputación

IV. GASTOS

IV.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 512,7 millóns de euros e un incremento do 3,5%.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Sinaláanse aquí os cambios máis salientables respecto do orzamento de 2018.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou 17,2 millóns respecto á cifra de 2018 para o orzamento suma dos catro provinciais.

En primeiro lugar destaca que cinco capítulos da composición de gastos reflicten incremento interanual: o capítulo I Gastos de persoal, o de Compra de bens correntes e servizos (capítulo II), o de Xuros (capítulo III), o de Fondo de continxencia e imprevistos (capítulo V) e o de Transferencias de Capital (capítulo VII). O resto tiveron descenso.

O capítulo I incrementouse en 5,7 millóns de euros alcanzando 148,4 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 4%. Con este crecemento consolídase como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 28,9%.

O capítulo II incrementouse notablemente, en concreto en 14,1 millóns de euros, ata chegar á cifra de 102,1 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 16%. Con este crecemento consolídase como o terceiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 19,9%, case 4 puntos porcentuais máis ca en 2018.

O incremento da cifra deste capítulo II é consecuencia do incremento na deputación de Lugo, pasando de 13,3 a 26,7 millóns, o que supón que a porcentaxe no total de gastos pasara do 17% en 2018 ao 30% en 2019, converténdose na deputación con maior peso deste capítulo no total.

Cadro 12. Orzamento de gastos do total das deputacións. 2018-2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	142.633.098	28,8%	4,0%	148.352.678	28,9%
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	88.054.343	17,8%	16,0%	102.154.765	19,9%
Gastos funcionamento dos servizos	230.687.441	46,5%	8,6%	250.507.443	48,9%
III. Xuros	293.413	0,1%	9,7%	321.788	0,1%
IV. Transferencias Correntes	120.203.272	24,3%	-2,3%	117.415.232	22,9%
V. Fondo continxencia e imprevisión	4.889.000	1,0%	13,4%	5.543.886	1,1%
Operacións Correntes	356.073.126	71,9%	5,0%	373.788.349	72,9%
VI. Investimentos Reais	57.489.721	11,6%	-7,0%	53.478.454	10,4%
VII. Transferencias de Capital	48.255.598	9,7%	21,9%	58.825.805	11,5%
Operacións de capital	105.745.319	21,3%	6,2%	112.304.259	21,9%
Operacións non financeiras	461.818.446	93,2%	5,3%	486.092.608	94,8%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	26.033.940	5,3%	-20,4%	20.733.940	4,0%
IX. Variación Pasivos Financeiros	7.718.606	1,6%	-23,4%	5.912.106	1,2%
Operacións financeiras	33.752.547	6,8%	-21,1%	26.646.047	5,2%
TOTAL GASTOS	495.570.992	100%	3,5%	512.738.655	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


○ **capítulo III, de xuros polos préstamos** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, tamén experimentou un significativo aumento en termos porcentuais, cun 9,7% máis que o dato de 2018, aínda que en termos de valor absoluto o importe é pouco significativo, só 28 mil euros máis que en 2018.

Este aumento dos gastos financeiros e xuros prodúcese nas deputacións de A Coruña e Lugo. En Ourense e Pontevedra, pola contra, producíronse descensos, aínda que pouco significativos en termos absolutos.

No capítulo V produciuse un aumento de máis dun 13% con respecto a 2018 (un aumento de case 655 mil euros en termos absolutos). O aumento debeuse principalmente á deputación de Lugo, onde o crecemento deste capítulo foi dun 187,2% (pasando de 300.000 a 861.686 en 2019).

○ **capítulo VII** para o conxunto das catro deputacións experimentou un aumento dun 21,9%, é dicir, 10,6 millóns de euros máis que en 2018. As transferencias de capital aumentaron en todas as deputacións con respecto a o orzamento do ano anterior, sen embargo este ascenso foi máis acusado en Lugo e Ourense, con taxas superiores ao 100%.

Gráfico 35. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de facenda.

Entre os capítulos que experimentaron **descensos** ao comparalos cos datos de 2018, obsérvase o seguinte:

○ **capítulo IV de transferencias correntes** tivo un decrecemento absoluto de 2,8 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións e presenta a taxa interanual negativa do 2,3%, sendo dos catro capítulos que amosa diminución con respecto ao ano anterior, o de menor porcentaxe. Neste capítulo o destino predominante son os concellos, establecendo as catro deputacións programas de axudas aos concellos a través de subvencións.

Esta diminución das transferencias correntes produciuse en dous dos orzamentos provinciais, Lugo (cunha diminución de case un 40% con respecto a 2018) e Ourense, onde apenas diminuí un 1,1%.

○ capítulo VI de **investimentos reais** recolle as inversións que levan a cabo directamente as deputacións provinciais. Este capítulo experimenta unha diminución do 7% (algo máis de 4 millóns de euros en termos absolutos). Pódense salientar ente os gastos incluídos neste capítulo os destinados ás estradas de titularidade provincial, investimentos e reposicións, os plans de investimentos de cooperación cos concellos, como o Plan de Obras e servizos (POS) e outros.

Dos catro orzamentos provinciais en Lugo e Ourense e Pontevedra houbo un descenso de entomo ao 20% ao comparalo co do ano 2018. Sen embargo, no orzamento da Coruña e Pontevedra obsérvanse lixeiros incrementos.

○ capítulo VIII de **variación de activos financeiros** experimentou unha diminución con respecto a 2018, en concreto dun 20,4%. Foi o capítulo con maior descenso

en termos absolutos, cun total de 5,3 millóns menos que en 2018, descenso unicamente producido en A Coruña. As principais consignacións neste capítulo son os préstamos aos concellos, ás familias e institucións sen fin de lucro e os anticipos de salarios para o persoal que traballa nas corporacións provinciais. Esta diminución fai que tamén diminúa a súa porcentaxe sobre o total de gastos, chegando pasando do 5,3% ao 4% do total.

○ descenso máis acusado en termos porcentuais produciuse no capítulo IX de **variación de pasivos financeiros**, cun 23,4 %, aínda que en termos absolutos o descenso foi de 1,8 millóns. Esta minoración xunto coa do capítulo anterior, fixeron que as operacións financeiras descenderan máis de 7 millóns de euros (un 21% menos que no ano anterior). En termos de importancia sobre o orzamento total, o peso relativo cae do 6,8% ao 5,2% en 2019.


Esta minoración do capítulo IX maniféstase unicamente en Pontevedra, xa que no da Coruña xa hai anos que non teñen consignación deste capítulo e no de Lugo e Ourense non houbo variación.

Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2018, sintetízanse a grandes trazos a composición dos orzamentos de gastos e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais, destacando as seguintes características na estrutura de gastos no orzamento total de suma dos catro provinciais:


- ○ 94,8% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 486,1 millóns de €, cun incremento do 5,3% respecto a 2018.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
 - ○ 72,9% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 373,8 millóns de €, cifra que é maior á de 2018, polo que tamén medra 1 punto porcentual o seu peso relativo.
 - ○ 21,9% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 112,3 millóns de €, cun aumento, respecto ao ano 2018, dun 6,2%.
- ○ 5,2% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un descenso interanual do 21,1%, con importantes diminucións en ambos capítulos (VIII e IX), que supuxeron un total de 7,1 millóns menos. En termos absolutos, o que máis diminuíu foi o capítulo VIII con 5,3 millóns (un 20,4% menos que o ano anterior), pero en termos relativos, o descenso do capítulo IX foi superior, do 23,4% (1,8 millóns de euros).

Gráfico 36. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 37. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

A estrutura de gastos de cada un dos orçamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

Gráfico 38. Estructura de gasto por tipo de operacións. 2019.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O orzamento de Lugo é o que presenta a menor porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres na Coruña as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 10,2%.

No outro extremo, no orzamento de Lugo a porcentaxe de operacións financeiras respecto do total dos seus gastos nin tan sequera alcanzan o 1%. No orzamento de Pontevedra unha gran parte dos gastos destinados a operacións non financeiras son operacións de capital, capítulos VI e VII, sendo o orzamento con maior peso porcentual dos gastos de capital, que absorben 29% porcentaxe superior en case 8 puntos porcentuais á do orzamento total das catro deputacións.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes**, que presenta unha porcentaxe do 72,9% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento ourensán, no que o 78,5% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente, en Lugo a porcentaxe é do 76,8%, na Coruña do 73,3% e finalmente a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 67,3%.

Gráfico 39. Estructura de gasto. Detalle. 2019.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que en Ourense a porcentaxe ascende ata o 62,7% mentres que no orzamento da Coruña a porcentaxe é do 38,5%, é dicir máis de 10 puntos por debaixo da media; un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 22,9% e que tiveron un crecemento interanual, teñen no orzamento de Lugo o seu menor importe e peso relativo, xa que cos seus case 13 millóns soamente absorben o 14,7% do total dos seus gastos, mentres que nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 32,8% da Coruña ao 19,7% de Pontevedra, reflectindo un 15,8% o de Ourense.

Ao igual que no apartado de ingresos engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.

Gráfico 40. Estructura de gasto. Entidades Locais. 2019.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 85,9%. mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é algo máis da metade da porcentaxe das corporacións provinciais.

As operacións financeiras teñen un maior peso na estrutura de gastos das deputacións, 5% fronte ao 2,5% nos concellos.

Gráfico 41. Estructura de gasto. Entidades Locais. Detalle. 2019.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan o 80% do total de gastos, fronte ao 50% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orçamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.


Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase unha importante diferenza. En Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe notablemente maior que en España a costa dos gastos das operacións financeiras, os gastos de capital (investimentos reais e transferencias de capital) teñen un peso similar en Galicia e no conxunto do Estado rolando o 21,5%.

Gráfico 42. Orzamento deputacións. 2019.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Gráfico 43. Estructura orzamento deputacións. Detalle. 2019.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

IV.2. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2019 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos a que atenden os gastos. Clasificaranse por áreas de gasto (hai seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.

Gráfico 44. Orzamento total por áreas de gasto. 2019



Como ven sendo habitual, a área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2019 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 37,8% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é superior en 0,8 puntos á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da Entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

Cadro 13. Orzamento 2019. Clasificación por programas de gasto.


Área	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓNS
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	36.388.479
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	5.734.054
	15 Vivenda e urbanismo	2.731.653
	16 Benestar comunitario	1.758.078
	17 Medio ambiente	5.081.855
2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.	77.410.915
	21 Pensiós	8.898.430
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.504.043
	23 Servizos Sociais e promoción social	43.751.091
	24 Fomento do Emprego	15.447.220
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	68.377.587
	31 Sanidade	0
	32 Educación	10.117.346
	33 Cultura	32.695.181
	34 Deporte	14.608.516
4	ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO	128.637.901
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	9.765.596
	42 Industria e enerxía	299.826
	43 Comercio, turismo e PEMES	9.633.998
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	79.684.654
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	82.775
	49 Outras actuacións de carácter económico	2.673.872
9	ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL	192.258.820
	91 Órganos de goberno	8.153.702
	92 Servizos de carácter xeral	51.968.446
	93 Administración financeira e tributaria	31.697.574
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	83.268.618
0	DÉBEDA PÚBLICA	5.617.695
	01 Débeda Pública	4.434.866
	TOTAL	508.691.397

Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O importe da área 9 acende a 192,3 millóns de euros, que supón case 11 millóns máis que en 2018 (o 6,1% de crecemento interanual). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 83,3 millóns é a primeira política de gasto en importe no orzamento conxunto das catro deputacións e representa o 16% do total e o 43,3% desta área de gasto. Dentro das actuacións de carácter xeral, séguelle a política Servizos de carácter xeral, con case 52 millóns de euros, o 27% desta área de gasto e o 10% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 6% do total de gastos.

Nos orzamentos provinciais de Pontevedra, A Coruña e Lugo esta área de gasto é a que presenta un maior porcentaxe nos seus gastos segundo a clasificación funcional. En Ourense a área 9 é superada pola 4 (actuacións de carácter económico).

Gráfico 45. Estructura de gastos por áreas de gasto



Fonte: información agregada das deputacións.

Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 128,6 millóns de euros e o 25% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, a destinada ás infraestruturas, como ven sendo habitual, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de case 80 millóns de euros en total que implica que o 15,7% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamento das infraestruturas, 4,6 puntos porcentuais por debaixo do orzamento de 2018.

Como en anos anteriores, é no orzamento coruñés onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto, aumentando un 5,4% con respecto ao orzamento do ano 2018.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, esta a política de gasto 41 "Agricultura, gandería e pesca" con 9,8 millóns de euros e o 1,9% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e de Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 3% e 4% respectivamente do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, presentan unha cifra de 77,4 millóns que representa o 15,2% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2019, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con máis da metade do importe da área e o 8,6% do total de gastos.

No orzamento ourensán é onde o importe e porcentaxe desta área de gasto 2, é menor, con soamente o 7% do seu orzamento dirixido a esta finalidade e un importe de 5,8 millóns. Moi diferente á porcentaxe deste tipo de gastos nos outros tres orzamentos provinciais (18% en Lugo, 20% na Coruña e Pontevedra, 13%).

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Producción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. É a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputación. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 68,4 millóns de euros, e unha porcentaxe do 13,4%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa máis do 47% da área de gasto e o 6,43% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto IServizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 36,4 millóns que representan o 7,15% do total, destacando a política de gasto destinada á Seguridade e mobilidade cidadá, cun total de 5,7 millóns de euros e representando un 1,13% do total do orzamento.

Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 25,5% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto, destacando que o importe da política de gasto de benestar comunitario representa case a cuarta parte dos seus gastos (22%). Isto reflicte unha gran diferenza entre os catro orzamentos provinciais no que atinxe tanto a esta

área, como ao benestar comunitario, xa que no outro extremo do reflectido en Ourense, destaca o orzamento coruñés no que a política de gasto con maior porcentaxe sobre o orzamento é a de medio ambiente cun 0,7%, sen reflectir importes destinados ás políticas de gasto 15 e 16, desta área nº 1.

Por último, a Débeda pública é unha área na que ano a ano se vai reducindo o seu importe e peso relativo na composición dos gastos, que como no ano anterior segue a reducirse, aínda que de forma moi gradual pasando do 1,4% ao 1,10% respecto á estrutura de 2018. O importe desta aérea é de 5,6 millóns de euros 1,4 menos que en 2018, o que supón unha diminución interanual do 19,7%. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

No orzamento coruñés non hai consignación de débeda pública, no de Lugo ten un importe escaso que non alcanza o 1% do seu orzamento e nos dous orzamentos restantes apréciase unha diminución dos gastos destinados a débeda, representando o 3% en Pontevedra e o 1,4% en Ourense.

Cadro 14. Orzamento das deputacións por programas de gasto.


2019 - Comparativa dos gastos											
Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		2.190.665	1%	8.357.454	10%	21.082.839	25%	4.757.521	3%	36.388.479	7%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	904.000	0%	3.126.750	4%	0	0%	1.703.304	1%	5.734.054	1%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	1.919.998	2%	0	0%	811.655	1%	2.731.653	1%
	16 Benestar comunitario	0	0%	394.518	0%	0	0%	1.363.560	1%	1.758.078	0%
	17 Medio ambiente	1.286.665	1%	2.916.188	3%	0	0%	879.002	1%	5.081.855	1%
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN		37.224.803	20%	13.597.679	16%	5.810.132	7%	20.778.302	13%	77.410.915	15%
	21 Pensións	8.898.228	5%	0	0%	0	0%	202	0%	8.898.430	2%
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.606.581	1%	1.117.762	1%	0	0%	779.700	0%	3.504.043	1%
	23 Servizos Sociais e promoción social	16.895.254	9%	10.017.294	12%	0	0%	16.838.542	11%	43.751.091	9%
	24 Fomento do Emprego	9.824.739	5%	2.462.623	3%	0	0%	3.159.858	2%	15.447.220	3%
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER		26.482.903	14%	12.421.642	15%	10.956.544	13%	18.516.497	12%	68.377.587	13%
	31 Sanidade	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	32 Educación	5.206.343	3%	2.756.539	3%	0	0%	2.154.464	1%	10.117.346	2%
	33 Cultura	15.995.380	9%	5.473.264	6%	0	0%	11.226.537	7%	32.695.181	6%
	34 Deporte	5.281.180	3%	4.191.840	5%	0	0%	5.135.496	3%	14.608.516	3%
4 ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO		57.736.320	31%	15.900.410	19%	26.497.179	32%	28.503.991	18%	128.637.901	25%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	1.843.000	1%	1.983.614	2%	0	0%	5.938.982	4%	9.765.596	2%
	42 Industria e enerxía	187.000	0%	0	0%	0	0%	112.826	0%	299.826	0%
	43 Comercio, turismo e PEVES	2.948.912	2%	2.719.825	3%	0	0%	3.965.261	3%	9.633.998	2%
	44 Transporte público	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	45 Infraestruturas	50.200.711	27%	11.002.021	13%	0	0%	18.481.922	12%	79.684.654	16%
	46 Investigación, desenvolvemento e	63.000	0%	14.775	0%	0	0%	5.000	0%	82.775	0%
	49 Outras actuacións de carácter económico	2.493.697	1%	180.175	0%	0	0%	0	0%	2.673.872	1%
9 ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL		59.974.609	33%	33.970.096	40%	17.170.479	21%	81.143.635	51%	192.258.820	38%
	91 Órganos de goberno	2.593.754	1%	2.576.405	3%	0	0%	2.983.543	2%	8.153.702	2%
	92 Servizos de carácter xeral	19.183.470	10%	16.027.734	19%	0	0%	16.757.242	11%	51.968.446	10%
	93 Administración financeira e tributaria	16.447.087	9%	4.313.534	5%	0	0%	10.936.953	7%	31.697.574	6%
	94 Transferencias a outras Administracións	21.750.297	12%	11.052.424	13%	0	0%	50.465.897	32%	83.268.618	16%
0 DÉBEDA PÚBLICA		0	0%	172.464	0%	1.182.828	1%	4.262.402	3%	5.617.695	1%
	01 Débeda Pública	0	0%	172.464	0%	1.182.828	1%	4.262.402	3%	5.617.695	1%
TOTAL		183.609.300	100%	84.419.746	100%	82.700.000	100%	157.962.348	100%	508.691.397	100%

Fonte: información agregada das deputacións.

IV.3. VARIABLES DE GASTOS en relación coa poboación provincial

O total de gastos coincide co total de ingresos ao presentarse os orzamentos equilibrados. A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 55 €/hab. de media de Galicia. Os valores resultantes nos orzamentos de Ourense (con 105€) e Lugo (con 82,8€), son superiores á media. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, como ven sendo habitual nos últimos anos, con 39,4€/hab. e en Pontevedra son 47,5 euros por habitante.

Gráfico 46. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.

No relativo ao peso deste capítulo na composición dos gastos, dicir que presenta unha media do 28,9% lixeiramente inferior ao 2018. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, cun 38,9%, que supera en 14,9 puntos porcentuais a porcentaxe da Coruña, que é a de menor porcentaxe. Por outra banda as porcentaxes das dúas restantes provincias aproxímanse ao dato da media, ao redor do 30%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, as que superaron a media (138,5), que se sitúa nos 206,1 €/hab en Lugo e 211,2 €/hab en Ourense.

A porcentaxe para a media de Galicia destinada a este tipo de gastos é do 72,9%, sendo nos orzamentos de Lugo e Ourense os que presentan porcentaxes máis altas. O peso relativo na estrutura de gastos das operacións correntes flutúa entre o 79,5% de Ourense e o 67,3% de Pontevedra.

Cadro 15. Variables e ratios económico-financeiras. Galicia 2019. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	164,0	268,5	268,9	167,6	190,0
Gastos de Persoal (Cap I)	39,4	82,8	105	47,5	55,0
% GP/GT	24,0%	30,9%	38,9%	28,4%	28,9%
Operacións Correntes (I ao V)	120,3	206,1	211,2	112,8	138,5
% OC/GT	73,3%	76,8%	78,5%	67,3%	72,9%
Operacións de Capital (VI+VII)	27,0	60,9	53,0	48,6	41,6
% OC/GT	16,4%	22,7%	19,7%	29,0%	21,9%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	16,8	1,5	4,8	6,3	9,9
% OF/GT	10,2%	0,6%	1,8%	3,7%	5,2%

Fonte: información agregada das deputacións.

Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos divido pola súa poboación, segue sendo, como en anos anteriores, a de Lugo, aínda que como xa se viu experimentou unha diminución tanto no seu total como neste agregado. A media de Galicia reflicte que se destinarán uns 41,6 euros por habitante aos investimentos reais e transferencias de capital, sendo os valores extremos os de Coruña, con 27e Lugo, con 60,9 euros por habitante.


No que atinxe ao peso relativo na estrutura de gastos deste agregado de investimentos e transferencias de capital, foi en Pontevedra no que se observa unha maior proporción do seu orzamento destinado aos capítulos VI e VII, seguido polo orzamento lucense.

Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), que como xa se viu experimentaron en 2019 unha diminución, como xa acontecera no orzamento de 2017, baixan ata os 9,9 euros por habitante para a medida de Galicia. Neste agregado de gastos financeiros obsérvase unha gran variabilidade, figurando o maior dato na Coruña, con 16,8 euros por habitante, seguido dos 6,3€/hab. de Pontevedra e os 4,8 en Ourense, mentres que en Lugo soamente resulta 1,5 euro por habitante destinado a gastos financeiros. As porcentaxes reflicten datos parellos aos importes por habitante, sendo o da Coruña o único que supera a porcentaxe da media, e reflectindo o de Lugo o dato mais baixo xa que soamente o 0,6% do seu orzamento son gastos financeiros.

IV.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2013-2019

No período de análise o capítulo I de gastos de persoal, presenta unha traxectoria descendente entre 2013 e 2015, seguindo a tendencia iniciada en 2011, mentres que nos últimos anos medra ata o os 148,4 euros por habitante, o que supón un crecemento medio do 2,1% con respecto a 2018.

Gráfico 47. Variables de gastos (euros por habitante) período 2013-2019.



Fonte: información agregada das deputacións.


Cadro 16. Gastos de persoal 2013-2019. Millóns de euros.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Inc. interanual medio
A Coruña	38,3	38,2	38,4	39,8	39,3	41,4	44,1	2,8%
Lugo	24,1	23,4	23,3	24,7	24,0	24,8	27,3	2,5%
Ourense	28,7	28,4	27,7	30,1	29,9	31,8	32,2	2,3%
Pontevedra	42,7	40,3	40,8	43,1	43,5	44,6	44,8	1,0%
Galicia	133,8	130,3	130,2	137,7	136,8	142,6	148,4	2,1%

Fonte: información agregada das deputacións.

No conxunto das catro deputacións o peso dos gastos de persoal sobre o total dos gastos diminuíu dende 2013, pero o peso relativo aumenta dende o 2017 para situarse en valores similares a 2013 (un 30% no 2019).


Gráfico 48. Gastos de persoal. Peso sobre o total de gastos.



Fonte: información agregada das deputacións.

En termos de gastos de persoal por habitante, as deputacións de Lugo e Ourense presentan un nivel superior á media de 55€ por habitante de 2019, mentres que as de Pontevedra e A Coruña están por debaixo en todos os anos do período.


Gráfico 49. Gastos de persoal por habitante 2013-2019.



Fonte: información agregada das deputacións.

A evolución das operacións de capital, presenta unha traxectoria decrecente desde 2010 ata 2014, aumentando o seu importe en 2015 e 2016 para volver a descender en tomo a un 10% anual nos dous últimos anos.

Gráfico 50. Evolución operacións de capital 2013-2019. Galicia.



Fonte: información agregada das deputacións.

No período 2013-2019 o conxunto dos gastos de capital das deputacións mostra unha taxa media anual do -2,0%, sendo negativa no caso das deputacións de A Coruña (-5,1%) e Lugo (-4,4%), mentres que as de Ourense e Pontevedra presentan unhas taxas medias anuais positivas do 8,4% e 1,8%, respectivamente, aínda que con distinta evolución temporal.


Cadro 17. Operacións de capital 2013-2019. Millóns de euros.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Inc. interanual medio
A Coruña	39,3	34,9	42,7	41,8	38,0	26,8	30,2	-5,1%
Lugo	25,1	20,8	22,5	28,3	28,3	19,0	20,1	-4,4%
Ourense	10,9	14,4	20,0	18,6	16,1	15,3	16,3	8,4%
Pontevedra	41,8	39,0	34,1	40,7	42,4	44,6	45,8	1,8%
Galicia	117,2	111,0	119,3	129,4	117,4	105,7	112,3	-0,8%

Fonte: información agregada das deputacións.

En 2019 o volume das operacións de capital aumenta un 6,20% con respecto ao ano anterior, sendo especialmente significativo o aumento na Coruña.

Gráfico 51. Operacións de capital. Peso sobre o total de gastos.




Fonte: información agregada das deputacións.

Os gastos de capital por habitante das deputacións acadan os 41,6€ en 2019, aumento debido fundamentalmente, aos aumentos producidos en A Coruña e Ourense.

Lugo e Ourense son as provincias que presentan maiores importes, por encima da media, en case todo o período temporal analizado.

Gráfico 52. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.


IV.5. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, descríbese a estrutura básica dos gastos, na que se recollen os importes de operacións correntes e de capital que compoñen as operacións non financeiras, xunto ás operacións financeiras. Ademais tamén se inclúen os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de gastos.
- En segundo lugar, figura a táboa da clasificación funcional por áreas e programas de gastos e o gráfico no que se reflicte a composición de cada finalidade na estrutura total.
- En terceiro lugar, figura a táboa do orzamento inicial do 2019, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., coa comparación co ano 2018. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos nestes dous últimos anos.


IV.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 53. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2019.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 54. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2019. Detalle.




Fonte: Deputación de A Coruña.

Cadro 18. Orzamento de gastos por capítulos. A Coruña 2018-2019

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	41.386.560	23,1%	6,5%	44.095.987	24,0%
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	26.298.374	14,7%	0,8%	26.509.538	14,4%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	67.684.934	37,8%	4,3%	70.605.525	38,5%
III. Xuros	20.000	0,0%	230,0%	66.000	0,0%
IV. Transferencias Correntes	56.747.721	31,7%	6,2%	60.292.993	32,8%
V. Fondo continxencia e imprevisión	3.579.000	2,0%	2,6%	3.672.200	2,0%
Operacións Correntes	128.031.655	71,5%	5,2%	134.636.717	73,3%
VI. Investimentos Reais	16.797.574	9,4%	11,7%	18.767.391	10,2%
VII. Transferencias de Capital	10.040.000	5,6%	13,8%	11.424.421	6,2%
Operacións de capital	26.837.574	15,0%	12,5%	30.191.812	16,4%
Operacións non financeiras	154.869.229	86,5%	6,4%	164.828.529	89,8%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	24.080.771	13,5%	-22,0%	18.780.771	10,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros					
Operacións financeiras	24.080.771	13,5%	-22,0%	18.780.771	10,2%
TOTAL GASTOS	178.950.000	100%	2,6%	183.609.300	100%


Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 55. Orzamento de gastos por capítulos en porcentaxe sobre o total. 2018-2019.



Fonte: Deputación de A Coruña.


Gráfico 56. Orzamento por áreas de gasto.



Fonte: Deputación de A Coruña.


IV.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 57. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. 2019.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 58. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. Detalle. 2019.




Fonte: Deputación de Lugo.

Cadro 19. Orzamento de gasto por capítulos. Lugo. 2018-2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	24.815.633	31,4%	10,0%	27.292.577	30,9%
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	13.324.838	16,9%	100,3%	26.694.384	30,2%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	38.140.472	48,3%	41,5%	53.986.961	61,0%
III. Xuros	45.500	0,1%	56,5%	71.200	0,1%
IV. Transferencias Correntes	21.018.060	26,6%	-38,2%	12.985.012	14,7%
V. Fondo continxencia e imprevisión	300.000	0,4%	187,2%	861.686	1,0%
Operacións Correntes	59.504.031	75,3%	14,1%	67.904.858	76,8%
VI. Investimentos Reais	15.872.363	20,1%	-23,0%	12.227.448	13,8%
VII. Transferencias de Capital	3.171.064	4,0%	147,3%	7.840.467	8,9%
Operacións de capital	19.043.427	24,1%	5,4%	20.067.915	22,7%
Operacións non financeiras	78.547.459	99,4%	12,0%	87.972.773	99,4%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	380.769	0,5%	0,0%	380.769,23	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	113.464	0,1%	0,0%	113.464,33	0,1%
Operacións financeiras	494.234	0,6%	0,0%	494.234	0,6%
TOTAL GASTOS	79.041.692	100%	11,9%	88.467.007	100%


Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 59. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Lugo. 2019.



Fonte: Deputación de Lugo.


Gráfico 60. Orzamento por áreas de gasto. Lugo 2019



Fonte: Deputación de Lugo.


IV.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 61. Orzamento de gastos. Ourense. 2019



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 62. Orzamento de gastos Ourense. Detalle. 2019.




Fonte: Deputación de Ourense.

Cadro 20. Orzamento de gastos por capítulos. Ourense. 2018-2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	31.798.525	39,4%	1,1%	32.158.321	38,9%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	18.923.476	23,4%	4,1%	19.696.924	23,8%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	50.722.001	62,8%	2,2%	51.855.245	62,7%
III. Intereses	17.963	0,0%	-22,3%	13.961	0,0%
IV. Transferencias Correntes	13.213.769	16,4%	-1,1%	13.065.470	15,8%
V. Fondo continxencia e imprevisión	10.000	0,0%	0,0%	10.000	0,0%
Operacións Correntes	63.963.732	79,3%	1,5%	64.944.676	78,5%
VI. Investimentos Reais	14.610.872	18,1%	-16,3%	12.233.546	14,8%
VII. Transferencias de Capital	663.528	0,8%	510,8%	4.052.911	4,9%
Operacións de capital	15.274.401	18,9%	6,6%	16.286.457	19,7%
Operacións non financeiras	79.238.133	98,2%	2,5%	81.231.133	98,2%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	1.168.867	1,4%	0,0%	1.168.867	1,4%
Operacións financeiras	1.468.867	1,8%	0,0%	1.468.867	1,8%
TOTAL GASTOS	80.707.000	100%	2,5%	82.700.000	100%


Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 63. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Ourense. 2019



Fonte: Deputación de Ourense.


Gráfico 64. Orzamento de gastos por áreas de gasto. Ourense 2019.



Fonte: Deputación de Ourense.


IV.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 65. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. 2019.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 66. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. Detalle. 2019




Fonte: Deputación de Pontevedra.

Cadro 21..Orzamento de gasto por capítulos. Pontevedra. 2018-2019.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	44.632.380	28,5%	0,4%	44.805.793	28,4%
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	29.507.655	18,8%	-0,9%	29.253.919	18,5%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	74.140.035	47,3%	-0,1%	74.059.712	46,9%
III. Intereses	209.950	0,1%	-18,7%	170.627	0,1%
IV. Transferencias Correntes	29.223.723	18,6%	6,3%	31.071.758	19,7%
V. Fondo continxencia e imprevisión	1.000.000	0,6%	0,0%	1.000.000	0,6%
Operacións Correntes	104.573.708	66,7%	1,7%	106.302.097	67,3%
VI. Inversións Reais	10.208.911	6,5%	0,4%	10.250.069	6,5%
VII. Transferencias de Capital	34.381.006	21,9%	3,3%	35.508.007	22,5%
Operacións de capital	44.589.917	28,4%	2,6%	45.758.076	29,0%
Operacións non financeiras	149.163.625	95,1%	1,9%	152.060.173	96,3%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.272.400	0,8%	0,0%	1.272.400	0,8%
IX. Variación Pasivos Financeiros	6.436.275	4,1%	-28,1%	4.629.775	2,9%
Operacións financeiras	7.708.675	4,9%	-23,4%	5.902.175	3,7%
TOTAL GASTOS	156.872.300	100%	0,7%	157.962.348	100%


Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 67. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Pontevedra. 2019



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 68. Orzamento por áreas de gasto. Pontevedra. 2019



Fonte: Deputación de Pontevedra.

